

O Concello de Pontecesures invita a maiores e pequenos a participar no Concurso de Disfraces que terá lugar o 2 de marzo de 2014.

As 16.30 horas todos os participantes deberán estar na rúa Portarraxoi (esquina Rúa Ullán), dende onde sairá ás 17.30 h. O Desfile de Entroido, pasará pola rúa San Lois, Travesía da Estación, rúa Rosalía de Castro, rúa Sagasta e rematará na Prazuela. O Xurado acompañará o desfile para ter tempo de valorar ós participantes. O percorrido poderá sufrir modificacións, notificándollo antes da saída ós participantes.

## BASES

- 1 As inscricións de grupos poderán realizarse ata as 14.00 horas do venres 28 de febreiro nas Oficinas do Concello. Tamén poderán formalizarse as inscricións o mesmo día do concurso, das 16 h. ata as 17 h. A partir das 17 h. péchase o prazo de inscrición.
- 2 Como condición indispensable, todos os participantes no concurso deberán desfilar no pasarrúas.
- 3 Os inscritos só poderán participar nunha categoría e só terán opción a un premio.
- 4 Todos os inscritos aceptan as condicións establecidas nas presentes bases.
- 5 Establécense tres categorías principais:
  - Infantil. Parellas e individuais de 0 a 14 anos.
  - Adulto. Parellas e individuais de 15 anos en diante.
  - Grupos. Tres ou máis persoas de calqueira idade.
- 6 Os disfraces gañadores de anos pasados non poderán volver a competir.
- 7 A entrega de premios farase na Prazuela ao remate do desfile. Os que resulten gañadores do concurso deberán recoller eles mesmos o premio ataviados co disfraz que lles valeu o devandito premio, e no momento da entrega un adulto que se identificará cun DNI orixinal os acompañará para firmar o recibí correspondente. O fallo do xurado será inapelable e poderá declarar premios desertos se o considera oportuno.
- 8 A participación no desfile e concurso supón a aceptación destas bases.
- 9 En caso de choiva o Desfile e Concurso de Entroido trasladarase ao Pavillón Municipal de Deportes.

PREMIOS	INDIVIDUAL	PARELLA	GRUPO
infantil 0-14 anos	1º 50 euros 2º 30 euros 3º 20 euros	1º 60 euros 2º 30 euros 3º 20 euros	1º 400 euros 2º 200 euros 3º 100 euros
Adultos 15 anos en diante	1º 75 euros 2º 50 euros 3º 30 euros	1º 100 euros 2º 75 euros 3º 50 euros	